UNIDADE 4: A ARTE GÓTICA:.
EXERCICIOS DESCARGABLES AUTOAVALIABLES.

EXERCICIOS:

1. COMENTA A SEGUINTE IMAXE.

<u>1.Análise formal e iconográfico da obra</u> : Aquí debes facer unha análise do tipo de obra de que se trata,atendendo á súa tipoloxía, o tema, a análise iconográfica, os aspectos técnicos (materiais, volume, composición, cor..) e os valores expresivos e simbólicos.

<u>2.Identificación da obra</u>: Nome da obra, cronoloxía, estilo, autor.

<u>3.Contexto histórico–artístico:</u> Debes relacionar esta obra cos aspectos máis salientables do seu período histórico, e co estilo artístico no que se desenvolve.

2.COMENTA A SEGUINTE IMAXE:

1. **<u>Análise formal e iconográfico</u>: Debes comezar facendo unha análise descritiva do tipo de obra de que se trata, atendendo despois aos aspectos iconográficos e formais (debuxo, cor, espazo...) que a caracterizan.**

2. **<u>Identificación da obra</u> Nome da obra, cronoloxía, estilo, autor.**

3. **<u>Contexto histórico-artístico:</u> Debes relacionar esta obra cos aspectos máis salientables do seu período histórico, e co estilo artístico no que se desenvolve-**

2. COMENTA BREVEMENTE ESTE TEXTO:

Este texto debe servir para que fagas un pequeno comentario sobre os valores estéticos da arquitectura gótica. Debes basearte na información do tema, atendendo sobre á parte de arquitectura. Para facelo, podes guiarte polas seguintes cuestións:

1º. Cal é o tema que se trata no texto? Cales son as principais ideas que se expoñen?
2. Con que obra ou obras o poderías relacionar?
3º. Realiza un pequeno comentario sobre os aspectos da arquitectura gótica tratados neste texto.

Non é casualidade que a igrexa do abade Suger fora unha das primeiras en empregar esta combinación dun mínimo de paredes e un máximo de superficies de cristal. Isto explícase porque unha das ideas máis queridas para abade Suger era que a contemplación do esplendor terreal en forma de metais preciosos, obxectos de xoiería, pezas de esmalte e vidros de cores eran un medio importante para acercar ao crente á iluminación divina. Esta teoría (...) quedou expresada en parte dunha inscrición que Suger colocara sobre as portas de bronce douradas que ocupaban antes a portada central da fachada occidental

" A mente durmida elévase á verdade mediante o material
E ao ver esa luz resucita das súas tebras"

Afortunadamente para Suger e tamén para o posterior desenvolvemento da arte e a arquitectura góticas , o seu desexo de levar á práctica esta idea coincidiu coa dispoñibilidade de artesáns especializados na fabricación de obxectos brillantes, sobre todo vidreiras.

Anne Shaver-Crandell. A Idade Media.

4. CONTESTA BREVEMENTE ÁS SEGUINTES CUESTIÓNS:

4.1. A que chamamos arquitectura mendicante?
4.2. En qué consiste o sistema de contrarresto de presións da arquitectura gótica?
4.3. Que é o triforio?
4.4. A que chamamos retablo?

5. EXERCICIO DE IDENTIFICACIÓN DE IMAXES.
Debes identificar, a partir das características do tema, a que edificios responden estas imaxes .Todos eles son obras salientables do século XIII que responden ás características xerais do seu ámbito xeográfico.






3


4

5


6


7


8

SOLUCIÓNS:

1. COMENTA A SEGUINTE IMAXE:

1.Análise formal e iconográfico da obra:

Trátase dunha **escultura monumental**, dúas estatuas-columna (e dicir dúas columnas apegadas ás xambas dunha portada que sosteñen cadansúa figura adherida ao seu fuste) que pola súa relación (temática, formal) compoñen un grupo escultórico. O **material** sobre o que se realizan é a pedra tallada, orixinando superficies arestadas e duras. Represéntase a dúas mulleres que falan entre si, unha, a da esquerda, máis nova, e a figura da dereita unha muller xa maior. As dúas están de pé, en actitude erguida e relaxada; colócanse sobre unha peaña, que lles serve de apoio, e tras elas asoman os fustes das columnas e os capiteis , con decoración vexetal, a modo de franxa decorativa que se estende ao espazo entre as columnas .Trátase do **tema** da *Visitación*, no que se presenta un asunto de carácter relixioso recollido no Novo Testamento, que é o encontro entre a Virxe María e a súa prima Santa Isabel (a nai de San Xoán Bautista), cando as dúas están embarazadas.
Volume: Estas figuras son case independentes do marco arquitectónico, presentan os últimos pasos da evolución do altorrelevo cara o vulto redondo, xa que teñen peso, son figuras corpulentas e volumétricas, que se tratan como a escultura exenta. O grupo componse por dúas figuras fisicamente illadas, con cadansúa peaña que lle serve de base, pero responden a unha mesma composición, son un grupo:este carácter dállo o tema ao que pertencen, xa que se trata dunha mesma escena, e tamén a relación que se establece entre elas, xa que se xiran unha cara a outra, están falando.
Represéntese tamén un tímido **movemento,** xa que teñen as cabezas xiradas, os brazos levantados e lixeiramente separados do corpo, e a súa actitude é relaxada pero non frontal, imitando na súa disposición un *contraposto* clásico**.**
Cor: As figuras non están pintadas, aínda que é probable que orixinariamente presentasen policromía.
A **luz** é un elemento formal importante, xa que incide sobre os pregues dous roupaxes creando fortes contrastes lumínicos nas figuras, deixando ver claramente o rostro da virxe e matizando o de Santa Isabel.
Elementos non formais: Esta obra, de carácter figurativo, trátase dun modo naturalista, a medio camiño entre o realismo que vemos nos vestidos, ou no rostro de Santa Isabel, que está tratado como o dunha muller vella, e o naturalismo de beleza ideal do rostro da Virxe. O *tratamento da anatomía* é bastante correcto, e hai un intento de recuperar as proporcións reais do corpo humano, que se adiviña a través da roupa; recórrese tamén á xestualidade das mans como elemento expresivo.As roupas reciben un tratamento especial, xa que as dúas mulleres van cubertas por togas feitas a base de pregas miúdas . Todos estes son recursos que dan expresividade ás figuras, acentuada pola relación psicolóxica entre elas.

2.Identificación da obra:

Obra: É o chamado *grupo da Visitación*, situado nas xambas da porta central da Fachada Occidental de Reims.
Cronoloxía: Realizadas cara a 1230. .(século XIII)
Estilo: Gótico clásico francés
Autor: Descoñecido

3.Contexto histórico-artístico.

A arte gótica é o estilo artístico que define os últimos anos da idade Media. Cronoloxicamente, o inicio do Gótico varía segundo as zonas; así, mentres que na rexión da île de France xurde cara a 1140 , noutros lugares de Francia retárdase ata a segunda metade do século XII; durante os séculos XIII, XIV e XV desenvolverase por toda Europa Occidental, estendéndose tamén por Europa Central e do Norte, aínda que a súa implantación variará duns territorios a outros e orixinará múltiples variantes nos distintos reinos ou rexións. A arte gótica é e a expresión artística dos cambios e transformacións políticos, económicos, sociais e culturais acaecidos na Europa Medieval neste período

O **eido económico**, caracterízase incremento do comercio, tanto local como internacional que provocará a revitalización das cidades que aumentarán a súa poboación; Nos *burgos* (cidades) cobrará importancia un grupo social novo, a **burguesía**, que, composta por artesáns e mercadores cuestiona a división estamental da sociedade feudal reivindicando o a riqueza como criterio de clasificación e ascenso social; os monarcas apoiaranse neste novo estamento para consolidar o seu poder e dominar á nobreza tradicional; nas **estruturas políticas** europeas xurdirán institucións fóra do marco das relacións feudais, como as *cortes*, os *Estados Xerais* (xerme dos parlamentos) ou os *concellos*. Esta fase expansiva europea dos séculos XII e XIII entrará en crise ao longo do século XIV, no que se abre unha etapa de conflitos económicos e políticos, orixinados pola recesión agraria e demográfica (a peste de 1348 e 1349), a *Guerra dos Cen Anos* (1339-1453), e diversas revoltas campesiñas. No século XV, producirase en liñas xerais unha recuperación e unha nova fase expansiva, que culmina a evolución das transformacións baixomedievais.

A igrexa mantén o seu **predominio ideolóxico e social**, pero xorden importantes cambios no **pensamento relixioso**. O centros de saber deixan de ser en exclusiva os mosteiros, coa aparición das ***escolas catedralicias*** primeiro e das ***universidades*** despois; nelas xurde o interese polas ciencias e o carácter racionalista, que fai que algúns autores falen do renacer dun espírito humanista (no sentido de recuperación da cultura antiga) no que o home será o obxecto e o centro da creación divina; esta idea, que arranca agora , fará que mude a visión das personaxes sagradas, sobre todo a da Virxe e a de Cristo, dos cales se destacará a súa parte humana para acercalos máis aos homes, facelos máis comprensibles e semellantes a eles.No século XIII, figuras coma *Tomás de Aquino* ou *Alberte Magno* introducen o estudio da obra de *Aristóteles* , en detrimento da filosofía platónica que imperara ata ese momento, e funden definitivamente a razón aristotélica coa fe cristián; xurde ademais o *pensamento escolástico*, que conforma un método para a razón teolóxica, e co tempo o *empirismo* de *Occam*, que defende a experiencia fronte ao razoamento escolástico. O auxe da civilización urbana fai que aparezan ordes relixiosas non illadas do mundo, coma pretendían ser bieitos ou cistercienses, senón destinadas a predicar o evanxeo e velar pola ortodoxia cristiá nas cidades. Franciscanos (recoñecidos en 1210) e Dominicos, defenden un ideal de pobreza tanto individual coma institucional , que os converterá en **ordes mendicantes**;estas ordes contribuirán tamén á renovación do pensamento medieval ao introducir na relixiosidade popular un acercamento á realidade sensible, o ***naturalismo***, e un ***novo humanismo***: os franciscanos transmitiran unha nova dimensión do home e da natureza, que pasan a ser valorados e apreciados como obra de Deus.

Na arte, a evolución do pensamento, e os cambios sociais, supoñen , fronte ao período anterior (o románico) una visión máis positiva da natureza e da condición humana, que terá repercusións iconográficas e tamén formais. *Os temas relixiosas* adáptanse á nova espiritualidade, incidindo na natureza humana das personaxes sagradas. A imaxe da Virxe adquirirá protagonismo, representada como nai de Deus

(son habituais as escenas da *Anunciación*, a *Natividade*...) e intercesora no Xuízo e símbolo da Igrexa..
Na escultura a renovación iconográfica vai acompañada por unha renovación formal que se caracteriza polo seu naturalismo que pasa dun naturalismo idealizado na primeira etapa á busca de realismo a finais do período e a progresiva independencia do marco arquitectónico, co que vai conseguindo volume e veracidade achegándose ao vulto redondo. A escultura gótica evoluciona cara unha maior perfección técnica, que se pode apreciar na atención ás proporcións dos corpos, no realismo na representación dos rostros, que volven ser expresivos e das roupas, no movemento das figuras..
Esta evolución desenvólvese ao longo dos tres séculos que dura este estilo: tras unha etapa de transición do Románico ao Gótico (a fins do século XII), no que se vai abandonando o carácter hierático e simbólico da escultura románica ,alcánzase un período clásico, no século XIII, caracterizado por un naturalismo idealizado e sereno. No século XIV, adquiren cada vez máis relevancia as imaxes de Virxes con Neno, así como os sepulcros. Durante o século XV a escultura é moi realista, proliferan os retablos de composicións movidas Os focos máis importantes son Francia, onde se orixina e se desenvolve o gótico nos séculos XII e XIII, Italia e a área de Flandres e Borgoña dende mediados do século XIV.
A escena da Visitación, correspóndese ao século XIII , período no que a escultura ten as seguintes características:
-Aparecen as grandes portadas esculpidas das catedrais, nos que se desenvolven ciclos que inciden na natureza humana de cristo, a vida da Virxe e o Xuízo Final, cun forte carácter narrativo que acentúa a súa función didáctica .
-As figuras son máis naturalistas, os rostros máis expresivos e as actitudes máis movidas; trátase dun naturalismo idealizado
-As figuras gañan en independencia do marco arquitectónico dando sensación de ter maior volume: avánzase cara o vulto redondo, e os corpos e as roupaxes modélanse creando contastes lumínicos e sensación de movemento.
Deste período datan as grandes portadas catedralicias en Francia, como as *Portadas do Cruceiro da Catedral de Chartres*, e a principal de Nôtre Dame de París e tamén a *Fachada occidental da catedral de Reims, que* presentará un interesante conxunto escultórico no que destacan os grupos da Anunciación e da Visitación das súas xambas. Nelas, é moi evidente a evolución da estatua-columna, xa que aínda que as figuras están situadas diante dos fustes, a columna xa non é o seu soporte, co que se chega a un concepto case total do vulto redondo; no grupo da Visitación no que atopamos referencias clásicas (roupas,cotraposto...) tomadas dos exemplos romanos conservados nesta zona e estas figuras sorprenden tamén pola súa expresividade, e a relación psicolóxica entre as personaxes.

2. COMENTA A SEGUINTE IMAXE:

1.Análise formal e iconográfico:
Trátase dunha pintura mural realizada coa **técnica** do fresco, que forma parte dun conxunto mural que xunto a outras pinturas decoran unha capela. É unha pintura figurativa, na que se representan un grupo de homes e mulleres en distintas posicións, arredor da figura exánime dun home, sostido por unha das mulleres. O **asunto** representado é un tema relixioso baseado no Novo Testamento: o lamento e a dor das Santas mulleres ante a morte de Cristo. María, sostén e bica o corpo de Cristo; acompañan á Nai as tres Marías (María Salomé, María de Cleofás e María Magdalena)distinguibles do resto do cortexo feminino polas aureolas douradas que nimban as súas cabezas, do mesmo xeito que o resto das figuras santas, San Xoán, , que abre os brazos, e San Xosé e Nicodemo. Na parte superior unha decena de anxos chorando .

A pincelada apenas se aprecia, e a **textura** semella ser lisa e mate. As figuras represéntanse a base de **debuxos** nítidos, remarcados por finas **liñas** que delimitan os contornos; na paisaxe do fondo, en cambio, a liña perde importancia.
O **modelado** é unha parte fundamental na configuración das figuras, xa que os matices de cor están presentes en tódalas figuras, configurando áreas máis escuras e outras máis claras que rompen coas tintas planas. Este modelado da cor da como resultado, en combinación coa liña e a luz, figuras corpulentas e moi **volumétricas,** cunha aparencia verista.
A **luz** procede de dentro do cadro, é un luz exterior que ilumina as figuras do primeiro plano e crea sombras e áreas de claroscuro, contribuíndo a dar aparencia de realidade á representación.
As **cores** predominantes son os verdes, os rosas e os azuis, salpicadas polo amarelo dos nimbos das aureolas dos anxiños e as personaxes sagradas; están pouco saturadas, moi raspadas, e en xeran dan unha sensación de frialdade e de tristura, acorde co tema do cadro.
A **composición** da escena faise colocando ao grupo principal en primeiro plano, nunha especie de ordenación circular das figuras en torno á figura de Cristo. A colocación de dúas figuras en primeiro plano, de costas ao espectador, diante do corpo de Cristo, contribúe a crear varios planos na representación e a dar **sensación de espazo e de profundidade**. Por outro lado, a paisaxe de fodo, coa rocha e a árbore situada enriba son tamén unha clara referencia espacial, un espazo que se abre cara o ángulo dereito da obra, creando profundidade, a escena ten un espazo real no que desenvolverse.
Esta escena está tratada dunha maneira **naturalista**, acentuada polo detallismo e a expresividade da representación: as figuras das mulleres son expresivas, mostran a súa dor mediante os rostros, e os xestos; ata os anxos nos dan un repertorio de xestos dramáticos, que se axustan ao tema tratado dándolle gran realismo.É un tema sagrado tratado cunha forte sentimentalidade, é dicir, o tema humanízase. A paisaxe do fondo está tamén tratada dunha maneira naturalista.

2. Identificación:
-Obra: Lamentación sobre o cristo Morto, fresco da Capela Scrovegni de Padua (Italia)
-Estilo: Italo-gótico italiano: trecento italiano**.**
-Cronoloxía: 1303-1314 (século XIV)
-Autor: Giotto di Bondone

3. **Análise do contexto histórico-artístico:**
A arte gótica é o estilo artístico que define os últimos anos da idade Media. Cronoloxicamente, o inicio do Gótico varía segundo as zonas; así, mentres que na rexión da île de France xurde cara a 1140 , noutros lugares de Francia retárdase ata a segunda metade do século XII; durante os séculos XIII, XIV e XV desenvolverase por toda Europa Occidental, estendéndose tamén por Europa Central e do Norte, aínda que a súa implantación variará duns territorios a outros e orixinará múltiples variantes nos distintos reinos ou rexións. A arte gótica é e a expresión artística dos cambios e transformacións políticos, económicos, sociais e culturais acaecidos na Europa Medieval neste período
O **eido económico**, caracterízase incremento do comercio, tanto local como internacional que provocará a revitalización das cidades que aumentarán a súa poboación; Nos *burgos* (cidades) cobrará importancia un grupo social novo, a **burguesía**, que, composta por artesáns e mercadores cuestiona a división estamental da sociedade feudal reivindicando o a riqueza como criterio de clasificación e ascenso social; os monarcas apoiaranse neste novo estamento para consolidar o seu poder e dominar á nobreza tradicional; nas **estruturas políticas** europeas xurdirán institucións fóra do marco do feudalismo, como as *cortes*, os *Estados Xerais* (xerme dos parlamentos) ou os *concellos*. Esta fase expansiva europea dos séculos XII e XIII

entrará en crise ao longo do século XIV, no que se abre unha etapa de conflitos económicos e políticos, orixinados pola recesión agraria e demográfica (a peste de 1348 e 1349), a *Guerra dos Cen Anos* (1339-1453), e diversas revoltas campesiñas. No século XV, producirase en liñas xerais unha recuperación e unha nova fase expansiva, que culmina a evolución das transformacións baixomedievais.

A igrexa mantén o seu **predominio ideolóxico e social**, pero xorden importantes cambios no **pensamento relixioso**. O centros de saber deixan de ser en exclusiva os mosteiros, coa aparición das ***escolas catedralicias*** primeiro e das ***universidades*** despois; nelas xurde o interese polas ciencias e o carácter racionalista, que fai renacer un certo espírito humanista (no sentido de recuperación da cultura antiga) no que o home será o obxecto e o centro da creación divina; esta idea, que arranca agora , fará que mude a visión das personaxes sagradas, sobre todo a da Virxe e a de Cristo, dos cales se destacará a súa parte humana para acercalos máis aos homes, facelos máis comprensibles e semellantes a eles. No século XIII, figuras coma *Tomás de Aquino* ou *Alberte Magno* introducen o estudio da obra de *Aristóteles* , en detrimento da filosofía platónica que imperara ata ese momento, e funden definitivamente a razón aristotélica coa fe cristián; xurde ademais o *pensamento escolástico*, que conforma un método para a razón teolóxica, e co tempo o *empirismo* de *Occam*, que defende a experiencia fronte ao razoamento escolástico. O auxe da civilización urbana fai que aparezan ordes relixiosas non illadas do mundo, coma pretendían ser bieitos ou cistercienses, senón destinadas a predicar o evanxeo e velar pola ortodoxia cristiá nas cidades. Franciscanos (recoñecidos en 1210) e Dominicos, defenden un ideal de pobreza tanto individual coma institucional , que os converterá en **ordes mendicantes**;estas ordes contribuirán tamén á renovación do pensamento medieval ao introducir na relixiosidade popular un acercamento á realidade sensible, o ***naturalismo***, e un ***novo humanismo***: os franciscanos transmitiran unha nova dimensión do home e da natureza, que pasan a ser valorados e apreciados como obra de Deus.

Na arte, a evolución do pensamento, e os cambios sociais, supoñen , unha visión máis positiva da natureza e da condición humana, que terá repercusións iconográficas e tamén formais*. Os temas relixiosas* adáptanse á nova espiritualidade, incidindo na natureza humana das personaxes sagradas

A pintura comparte coa escultura á *tendencia ao naturalismo*, a *progresiva humanización dos xestos e actitudes das figuras,* a busca de *proporcións naturais* e de *expresividade* e o *forte sentido narrativo* . Como elementos propios da pintura, a luz, a cor, o espazo e o debuxo determinan a súa evolución:

distingamos na pintura gótica unha serie de etapas: O *Estilo lineal* (1200-1330),que xurde en Francia no século XIII e se estende por Europa ata ben entrado o XIV; o Estilo italo-gótico, ou *Trecento* italiano no século XIV; o *Gótico Internacional* , a comezos do século XV, e a *Pintura Flamenga* no século XV, que decontado entrará na órbita do renacemento.

A *Choro sobre o Cristo morto*, encádrase dentro do trecento italiano; o seu autor, o florentino Giotto, será a figura máis salientable deste período ao introducir o espazo tridimensional e o sentimento na pintura europea

-Nas súas obras a temática será basicamente relixiosa (escenas da vida de Cristo e a Virxe, ou San Francisco), tratadas de maneira naturalista e cunha sentimentalidade influída pola espiritualidade franciscana.

-As figuras teñen unha relación psicolóxica entre elas e expresan os seus sentimentos mediante o recurso á xestualidade nas mans e rostros

-Búscase representar un espazo real: desaparecen os fondos planos, dourados e irreais, substituídos por paisaxes urbanas ou rurais a modo de escenarios aos que intenta darlles aparencia real creando a ilusión de profundidade espacial.

-Os corpos son máis naturalistas: teñen volume, acadado mediante o uso do modelado, e os efectos de luz e sombra. Son figuras reais, que recuperan as proporcións humanas e buscan o movemento.

As súas principais obras son frescos con escenas da vida de San Francisco na *Basílica Superior de Asís*, os frescos *da Capela Scrovegni de Padua,* e os *frescos da Igrexa de Santa Croce en Florencia.*

3. COMENTA BREVEMENTE ESTE TEXTO:

1º. Cal é o tema que se trata no texto? Cales son as pricipais ideas que se expoñen?
O texto trata o tema da concepción estética da arte gótica, baseada na estética da luz a da riqueza de materiais que ten o abade Suger, o promotor da construción da Abadía de Saint Denis, en Francia. Fala tamén das raíces desta estética no pensamento teolóxico da época, baseado nas teorías neoplatónicas, e dos aspectos e avances técnicos e construtivos da época que permitirán desmaterializar os muros e substituílos por vidreiras,.

2. Con que obra ou obras, e período o poderías relacionar?
Este texto fala do que é considerado o primeiro edificio gótico, tanto pola súa concepción estética, como polos cambios técnicos que a fan posible, que é a abadía de Saint- Denis, na Île de France, construída cara a mediados do século XII. Pero estas características arquitectónicas serán a base da arquitectura gótica, sobre todo a das grandes catedrais francesas e as que seguen o seu modelo durante todo o gótico.

3º. Realiza un pequeno comentario sobre os aspectos da arquitectura gótica tratados neste texto.
A arquitectura gótica, tecnicamente basearase na utilización dun sistema de tres elementos que configurarán unha estrutura lóxica: o arco apuntado, a bóveda de cruzaría e o sistema de contrarresto de presións Ningún destes elementos é novo (arcos apuntados e cruzarías xa se utilizaran no románico anglonormando) pero a relación de todos estes elementos entre si orixinará un tipo de edificio novo, cunhas proporcións, unha definición interior e unhas características técnicas novas. Os edificios acadan unhas alturas impensables ata ese momento, xa que o uso do arco apuntado, combinado coa bóveda de cruzaría permite alixeirar de peso ós muros ao poden concentrar o peso das cubertas en puntos determinados e abrir amplos vans nos que se colocan vidreiras que enchen de luz o interior dos templos
Os cambios técnicos condicionan unha iluminación interior diferente, xa que a luz filtrada a través das vidreiras desmaterializa as formas e outorga ao espazo interior un forte simbolismo: a luz do edificio identifícase coa luz divina, e o templo coa *Xerusalén Celeste*. Esta identificación de beleza e luz con divindade e verdade, é retomada pola teoloxía do século XII, e aplicada como concepción estética nas grandes catedrais góticas, grazas á desmaterialización dos muros, conséguese unha estética da luz que converte a catedral gótica nunha imaxe do reino celestial na terra.

4. CONTESTA BREVEMENTE ÁS SEGUINTES CUESTIÓNS:

5.1. Chamamos arquitectura mendicante ás igrexas e mosteiros construídos polas ordes mendicantes (Franciscanos e dominicos). Estas ordes construirán igrexas urbanas acordes coas súas premisas de pobreza e sinxeleza: grandes dimensións , e habitualmente de tripla cabeceira e unha ou tres naves lonxitudinais. As naves cóbrense con madeira e na cabeceira úsanse as bóvedas nervadas e amplas ventás . Os muros da nave, con poucos vans, serven de apoio as cubertas, e refórzanse ao

exterior con contrafortes. A súa arquitectura exercerá influencia sobre outras igrexas parroquiais e en ocasión tamén sobre catedrais.

5.2. O uso da bóveda de cruzaría para as cubertas, sostidas por esveltos piares de trazado cilíndrico que recollen as columnas e semicolumnas que baixan dende a base das bóvedas ata o chan ;é posible grazas a un sistema contrarresto de presións que transmite os empuxes das bóvedas e os piares ao exterior mediante ramas arqueadas ,chamadas *arcobotantes*, que, apoiadas nos arranques das bóvedas e nos piares transmiten os empuxes aos contrafortes situados ao exterior dos edificios. Deste xeito o muro é liberado da súa función se soporte, o que permitirá a súa progresiva desmaterialización, ao ser substituído por grandes cristaleiras.

5.2.Os triforios son estreitas galerías de caracter decorativo, que se abren nos muros dalgunhas das grandes catedrais góticas. Construídas sobre as arcadas das naves laterais. Sitúanse entre as grandes arcadas da nave central ou do transepto e os grandes vans situados sobre elas chamados clarestorios. Normalmente confórmanse a modo de ventá trífora, e dicir, con tres ocos. Permiten unha maior elevación en altura das naves, xa que,liberan o muro e ás naves laterais do peso que tiñan as tribunas.

5.4. Os retablos son obras nas que se combinan arquitectura, escultura e pintura, e que cobren o muro de peche dunha igrexa ou capela, situada detrás do altar. Realízanse sobre madeira, pedra, alabastro ou metal O corpo do retablo divídese verticalmente en rúas, que poden estar separadas entre si por entrerúas e horizontalmente por pisos ou corpos. O conxunto está protexido e enmarcado polo gardapó. Cada un dos espazos de forma cuadrangular ou rectangular que, abertos nos corpos e rúas dun retablo, serven para albergar pinturas ou esculturas. A parte superior é o ático e a inferior banco. O retablo evoluciona durante o Gótico dunha táboa a dúas, (díptico), tres(tríptico) ou a moitas, (políptico), sendo as táboas laterais abatibles co fin de pechar o conxunto. Neste caso a súa cara exterior píntase con tons grises,(grisallas) que semellan esculturas.

5. EXERCICIO DE IDENTIFICACIÓN DE IMAXES:

1:Catedral e Reims, fachada Occidental.(Francia, Século XIII.)

2 :*Sainte Chapelle* de París. Alzado interior (Francia, século XIII)

4 : Catedral de León. Exterior: fachada occidental e lateral Sur.(León, século XIII)

5:*Santa Croce*, Florencia.Fachada Occidental.(Italia, século XIII)

6 : Santa María de Oseira. Nave central e ábsida. (Ourense.,século XIII)

7 : Catedral de Salesbury. Cabeceira e transepto.(Inglaterra, século XIII)

8:: *Notre-Dame* de París. lateral Sur e cabeceira. (Francia, século XIII)